DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE FILOSOFÍA

I.E.S. Francisco Aguiar Betanzos

ADAPTACIÓN DA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019-2020

(MAIO 2020)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias

Cínguense ao dado e aprendido nas dúas primeiras avaliacións, tendo en conta a diminución tanto de adquisición de contidos como de destrezas. Analizarase tal diminución, e reforzaranse tales adquisicións para o próximo curso, se é o caso.

2. Avaliación e cualificación

Para a avaliación e recuperación cinguímonos ao material dado na primeira e segunda avaliación e todo o traballo desde a interrupción das clases presenciais céntrase neste obxectivo. Dada a excepcionalidade da situación, os criterios incluídos na programación adaptaranse a cada un dos distintos temas, segundo as súas características específicas neste contexto particular.

Na optativa Filosofía de 4º ESO para a cualificación dos contidos de Filosofía 4°ESO teranse en conta as cualificacións do primeiro e do segundo trimestre. Durante o terceiro trimestre os alumnos traballarán e realizarán tarefas de repaso e reforzo que servirán para que os suspensos poidan recuperar e para que os aprobados puedan subir nota.

En Filosofía de 1º Bachillerato a cualificación final de curso será a nota media da 1ª e 2ª avaliación.

- Se a media é inferior a 5 poderán recuperar as avaliacións suspensas realizando correctamente as tarefas propostas para tal fin e entregándoas en tempo. Deste xeiro obterán una cualificación dun 5. De querer subir esta nota, terán a oportunidade de realizar una proba/entrevista a través de Webex do traballado na/s avaliación/s a recuperar.
- Unha vez superadas a 1ª e 2ª avaliacións, se lle sumará unha puntuación máxima de 2 puntos se entrega correctamente as tarefas propostas nesta 3ª avaliación deste xeito:
    - Ata 1 punto se entrega todas as tarefas,
    - 0’5 puntos por presentalas nos prazos indicados e
    - 0’5 puntos pola calidade das mesmas.

En Historia da Filosofía de 2º de bacharelato, os estudantes deseñarán os seus propios exames ABAU na casa empregando o material dispoñible na páxina web da CIUG. Para o deseño destes exames parten da súa situación específica, deste xeito servirán para recuperar ou subir nota.

Nas materias opcionais, cada profesor deseñará o seu propio método de avaliación, baseado en todo caso na presentación de traballos.

3. Metodoloxía

Dado o carácter excepcional da situación, e polo que se refire aos substanciais cambios ao interromperse as clases presenciais, usaránse os métodos ofrecidos polo instituto, non para tentar paliar as clases presenciais, o que non é posible, senón para pechar o curso dando continuidade ao feito nas dúas primeiras avaliacións.

4. Atención ao alumnado con AE e NEE

Aplicaráse un tratamento persoaizado con el objetivo de que no sufra a mayores una discrimación añadida.

5. Información e publicidade

O profesorado estará en contacto co seu alumnado a través da Aula Virtual da web do Centro e/o do correo electrónico. O alumnado poderá consultar dúbidas a través do correo electrónico do profesorado. Organizaranse reunións e/ou clases virtuais a través da plataforma Webex, de ser posible.

Betanzos, Maio 2020.

Asdo. Asunción Castellano Castillo

O xefe do Departamento

Asdo. Luis Gorrochategui Santos